

Título	A historia de Katsi
Persoas	2 facilitadores/as 1 persoa fai de Katsi
Obxectivos	- Sensibilización - Traballo de emocións e empatía - A importancia de expresar, decidir, comunicar, facer...
Enfoque	Dinámica breve e calculadamente dura. Serve como broche ou como actividade experiencial para dar pé a unha reflexión ou conxunto de actividades. Imprescindible facer unha boa reflexión de grupo: primeiro sensacións e só despois pensamentos Disposición a modo de auditorio con algunha intimidade. Unha persoa fai de Katsi, a medida que a voz narradora fala, outra persoa vai cubrindo a Katsi de mantas á vista de todos e todas sen que ninguén faga nada.
Materiais	- Texto coa historia de Katsi - Media ducia de cobertores
Descrición	
Tempos	Paso a paso
5'	Introdución
10'	Lectura da historia Katsi é cuberta e descuberta das mantas, segundo o decorrer da historia
10'	Expresar como nos sentimos
15'	Reflexionar o que pensamos
10'	Aprendizaxes que sacamos
10'	Reflexións finais e valoración
Fonte	http://www.eycb.coe.int/gendermatters/pdf/Gender_matters_EN.pdf https://www.mimp.gob.pe/files/programas_nacionales/pncvifs/Proyecto_Apoyo_Asociacion_Juristas/Las_Cuestiones_de_Genero_son_importantes.pdf
Apéndice	<u>A HISTORIA DE KATSI</u> Katsi ten 28 anos. Cando tiña vinte casou con Zoli, tres anos máis vello ca ela. Agora teñen dous fillos, de tres e sete anos de idade.

O asistente cobre a Katsi coa primeira manta.

Desde meniña, Katsi viu a seu pai maltratar a nai. Isto podía acontecer mesmo varias veces por semana. Katsi lembra que súa nai tivo que ir ao hospital en varias ocasións por mor das feridas.

O asistente cobre a Katsi coa segunda manta.

Pouco despois de casar, Zoli dille a Katsi que será el quen vai estar ao mando dos cartos da familia, porque el é de confianza e ela non sabe aforrar. Infórmaa de que lle dará o diñeiro xusto para mercar comida e outros produtos necesarios para a casa, e que lle terá que amosar os recibos para demostrar que realmente gastou o diñeiro naquilo que el autorizou.

O asistente cobre a Katsi coa terceira manta.

Katsi queda embarazada no primeiro ano do seu matrimonio. Zoli comeza a dicir moi a miúdo que Katsi non sabe como levar unha casa e que ten moita sorte de estar con el, porque ninguén a había querer como muller.

O asistente cobre a Katsi coa cuarta manta.

Tras o nacemento do primeiro fillo, Zoli comeza a bater en Katsi. Acúsaa de amar o neno máis ca a el.

Katsi acode á súa nai e cóntalle o maltrato/abuso do seu marido. Súa nai dille que é parte do matrimonio e que debe aprender a vivir con iso. Segundo a nai, «unha muller debe estar sempre co seu home, pase o que pase».

O asistente cobre a Katsi coa quinta manta.

O primeiro fillo vai medrando, pero Zoli comeza a tratalo mal tamén. Katsi preocúpase, pero ao mesmo tempo pensa que separar un fillo do seu pai pode ser moi prexudicial.

Katsi cóntalle a unha compañeira de traballo os frecuentes malos tratos de Zoli e dille que necesita axuda. Esta compañeira dillo a outras persoas do traballo e agora todos falan dela.

O asistente cobre a Katsi coa sexta manta.

Katsi está cada vez máis nerviosa e comeza a faltar cada vez máis ao traballo sen causa xustificada, ata que a acaban botando. Non sabe como o tomará Zoli. Agora non ten traballo nin ingresos propios.

(Pregúntaselle á persoa sentada no medio, que marca a transición entre a colocación e a retirada das mantas a Katsi): Katsi, por que tes que vivir así? (Pausa) Por que non deixas o teu marido?

(Pausa)

Na parada do autobús, Katsi oe unhas mociñas falar acaloradamente. “Se che bate, non te ama”, di unha delas... e Katsi queda pensando en como era a súa vida cando tiña a idade desa nena. Nena que seguía expresándose con moito xeito: “se che mete medo, non é amor, é maltrato”...

Katsi abre os ollos e decátase de que aquela palabra se refire a ela. Un cartel alertando da violencia machista na marquesiña da parada inclúe información con números de liñas de atención telefónica, asesoramento, refuxios e centros de acollida para mulleres maltratadas.

O coordinador auxiliar elimina unha manta.

Katsi decide que non pode soportar esta situación. Chama a unha liña de atención telefónica e fala durante moito tempo cunha muller que lle asegura que é unha das moitas mulleres que sofren violencia de xénero.

O coordinador auxiliar elimina unha manta.

Por primeira vez, Katsi fala abertamente co seu fillo máis vello e manteñen unha conversa sobre o seu medo común a un pai e a un marido violento.

O coordinador auxiliar elimina unha manta.

Despois de pensalo ben durante varias semanas, Katsi decide falar con súa irmá e preguntarlle se pode ir para a súa casa cos nenos durante un curto período de tempo. Súa irmá, que hai moito tempo que perdera a esperanza de que Katsi abandonase o seu violento marido, acóllea de brazos abertos.

Unha tarde, Katsi colle as súas pertenzas básicas e móvese cos seus fillos á casa da súa irmá, que está encantada de poder axudar.

O coordinador auxiliar elimina unha manta.

Tamén comeza a buscar traballo. Súa irmá axúdalle preguntando a amigos se saben de calquera oferta de traballo e ambas buscan xuntas nos anuncios.

Katsi visita un avogado para coñecer os dereitos de custodia e as visitas aos nenos e para asesorarse sobre como podería demostrar a violencia que Zoli exerce sobre eles. Tamén falan dos trámites de divorcio.

O coordinador auxiliar elimina unha manta.

Katsi atopa un traballo que lle gusta e trasládase a un piso de alugamento cos fillos. Frecuenta os Servizos de Protección á Infancia e descobre que o seu fillo máis vello se pode unir a un programa de apoio para nenos que escaparon de fogares violentos.

O coordinador auxiliar elimina unha manta.

Katsi atopa un grupo de auto-axuda para as mulleres que sobreviviron á violencia de xénero. Ao compartir e escoitar experiencias, comeza a entender por que unha relación romántica dexenerou noutra marcada polo maltrato. Decide que en canto se sinta con forzas, se ha unir a un grupo para axudar outras mulleres maltratadas.